| Código do documento | Código do expediente |
| --- | --- |
| USG17I01SN | USG/2023/22 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) 3L2D 0G10 5V2F 4Y2O 00DL | |

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**ASISTENTES:**

Presidente:
Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:
Dª. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D.. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
Dª. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
Dª. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
Dª.María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
Dª. Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
Dª. Cristina Pardo Portos (PSdeG-PSOE)
Dª. Izaskun García Gorostizu (PP)
D. Antón Prieto García (PP), *que se incorpora no momento que se expresa na presente acta*
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
Dª. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (BNG)
Dª. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
Dª. Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

Non asiste:
D. Alfonso Rico Verea (PP)

O Secretario xeral accidental:
D. Francisco Javier Varela Tejedor

A Interventora:
Dª. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás nove horas e trinta minutos do día dez de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral accidental e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

**1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (UPO17I005M), FICHAS DOS POSTOS DE TRABALLO MODIFICADOS (UPO17I0063) E FUNCIÓNS MODIFICADAS DALGÚNS SERVIZOS (UPO17I0026)**

Seguidamente a Presidencia dá conta da proposta da Concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal, de data 6 de febreiro de 2023, código de documento UPO17I0075 (ditaminada favorablemente pola comisión informativa permanente de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión extraordinaria urxente de data 7 de febreiro de 2023, por MAIORÍA de 4 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, Dona Marta María Figueroa Fuentes, Don Carlos Liñares Gestal e Don Abraham Seijas González, 1 voto en contra da concelleira do Grupo Municipal do PP, Dona Izaskun García Gorostizu e 1 abstención da concelleira do Grupo Municipal de AAVV, Dona Sandra Marzoa García), que transcrita literalmente di:

**"PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO**

Pola Concelleira de seguridade cidadá e persoal deuse orde, conforme á postestade de autoorganización da administración, de actualizar a RPT nos seguintes termos:

- Modificar a estructura administrativa
- Modificar dedicacións de postos.
- Modificar a forma de provisión e das funcións dalgúns postos.
- Modificar o complemento de destino dalgúns postos.
- Modificar a xornada dalgúns postos.
- Inclusión dos méritos específicos no posto de Secretaria/o xeral.
- Modificación das funcións dalgúns servizos.
- Modificación da dotación dalgúns postos.

Elaborado o documento de relación de postos de traballo, negociado en Mesa Xeral de negociación en sesións celebradas o 3 e o 16 de xaneiro de 2023,l e o 6 de febreiro de 2023.

Vistos os informes do Xefe do Gabinete Técnico emitidos en  data 17 de xaneiro de 2023 (documento UPO17I003C), que conta coa conformidade do Secretario xeral accidental conforme ao disposto no artigo 3.4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, así como o emitido en data 6 de febreiro de 2023.

Considerando que o posto de Secretaría Xeral do Concello de ´Culleredo, provincia da Coruña, reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, Subescala Secretaría, Categoría Superior se atopa vacante, se tendo en conta o disposto nos seguintes artigos do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídicos dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co concurso ordinario de méritos destes funcionarios:

***"Artículo 29. Clases de concurso.***

*1. La provisión de los puestos de trabajo vacantes reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional se efectuará mediante concursos ordinarios de méritos, convocados con carácter anual por los Presidentes de las Corporaciones Locales y publicados simultáneamente por el órgano competente de la Comunidad Autónoma, con arreglo a las previsiones contenidas en este real decreto.*

*(...)*

***Artículo 30. Méritos***

*(...)*

*4. Los méritos correspondientes a las especialidades de la Corporación Local se fijarán por ésta y su puntuación alcanzará hasta un 5 % del total de la puntuación*

*(...)*

***Artículo 34. Méritos específicos.***

*1. Son méritos específicos los directamente relacionados con las características del puesto de trabajo y funciones correspondientes, que garanticen la idoneidad del candidato para su desempeño, así como la superación de los cursos de formación y perfeccionamiento que determinen las Corporaciones Locales sobre materias relacionadas con dichas características y funciones.*

*Los méritos específicos formarán parte integrante de la relación de puestos de trabajo de la Entidad Local correspondiente.*

*(...)*

***Artículo 37. Publicación de las convocatorias.***

*Los Presidentes de las Corporaciones Locales con puestos vacantes aprobarán la convocatoria de concurso ordinario anual, remitiéndola,*

*dentro de los diez primeros días de febrero de cada año, a la Comunidad Autónoma respectiva para su publicación conjunta dentro del mismo mes. La Comunidad Autónoma, una vez publicadas las convocatorias, las remitirá al Ministerio de Hacienda y Función Pública, con referencia precisa del número y fecha del diario oficial en que han sido publicadas.*

*(...)"*

Polo tanto, para poder aprobar a convocatoria do concurso ordinario de méritos de funcionarios con habilitación de carácter nacional, faise preciso aprobar con carácter previo os méritos específicos a determinar polo Concello. Estes méritos deben formar parte da relación de postos de traballo e a convovatoria debe remitirse á Xunta de Galicia dentro dos primeiros dez días de febreiro, polo que considérase urxente a súa tramitación.

Por todo o exposto, é polo que **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL**:

**Primeiro**.- Declarar extraordinario e urxente o asunto de aprobación da modificación da relación de postos de traballo ao terse que remitir a convocatoria do concurso ordinario de méritos de funcionarios con habilitación de carácter nacional á Xunta de Galicia dentro dos primeiros dez días de febreiro, que require da aprobación dos méritos específicos a determinar la RPT.

**Segundo.-** Modificar a Relación de Postos de Traballo nos seguintes extremos concretos.

**1. MODIFICACIÓN DA ESTRUTURA ADMINISTRATIVA.**

1. Na área **Gabinete.Alcaldía** efectúanse os seguintes cambios:

1.1. Se plasma na estrutura da RPT o acordado polo Pleno do Concello de Culleredo en sesión celebrada o día 02/07/2019, mediante o que se aprobou a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza en canto ao número de asesores técnicos, e engádese un posto de persoal eventual, Asesor/a técnico alcalde á vista da resolución do Sr. Alcalde de 10/02/2022 de nomeamento dunha asesora técnica alcalde (RCE) (AL.1.1.07)

1.2. Créase un posto de Técnica/o administración AL.1.1.04 (por supresión do posto de Técnica/o cultura CE.1.1.03) co detalle que se especifica na súa ficha de posto de traballo.

2.- No servizo de **Cultura, Deportes e Educación** fanse os seguintes cambios:

2.1.Debido á supresión do citado posto de Técnica/o cultura (CE.1.1.03) modifícanse os códigos dos postos do servizo de cultura, deportes e educación.

| Código | Denominación posto | Rel. | Esc | Sist | Grupo | CD | CE | Xor | X. | De | Titul. | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

| | | ser. | . | . Prov . | | CC | punt os | n. | par c | d. | reque rida | requisi tos / Obser v |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CE.1.1.01 | Xefa/e servizo cultura e educación | F | AX/ AE | C/L/ COA | A1/A2 | 26 | 270 | M | | ESP | | |
| CE.1.1.02 | Xefa/e servizo deportes e participación cidadá | F | AX/ AE | C/L/ COA | A1/A2 | 26 | 240 | M | | PE | | |
| CE.1.1.03 | Psicóloga/o | F | AE | C | A1 | 22 | 140 | M | | | PS | |
| CE.1.1.04 | Pedagoga/o | F | AE | C | A1 | 22 | 140 | M | | | PD | |
| CE.1.1.05 | Técnica/o cultura | F | AE | C | A1/A2 | 20 | 140 | M | | | FG, GXC ou equiv alente | |
| CE.1.2.01 | Bibliotecaria/o | F | AE | C | A2 | 20 | 160 | P | | | | |
| CE.1.2.02 | Técnica/o deportes | F | AE | C | A2 | 20 | 150 | M | | PE | | |
| CE.1.3.01 | Técnica/o animación sociocultural | F/PL | AE | C | C1/III | 22 | 140 | M | | ESP | TASC | |
| CE.1.4.01 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 90 | Mt | | | | |
| CE.1.4.02 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.4.03 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.4.04 | Auxiliar administración | F | AX | C | C2 | 14 | 85 | T | | | | |
| CE.1.4.05 | Auxiliar administración | F | AX | C | C2 | 14 | 85 | T | | | | |
| CE.1.4.06 | Auxiliar biblioteca | F | AE | C | C2 | 18 | 105 | P | | | | |
| CE.1.4.07 | Auxiliar biblioteca | F | AE | C | C2 | 18 | 105 | P | | | | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CE.1.4.08 | Auxiliar deseño gráfico | F/PL | AE | C | C2/IV | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.5.01 | Conserxe-ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 70 | T | | | | |
| CE.1.5.02 | Conserxe ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 70 | T | | | | |
| CE.1.5.03 | Conserxe ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 65 | M | | | | |

2.2. Se cambia a denominación do posto de Técnica/o normalización lingüística polo de Técnica/o cultura (código posto CE.1.1.05), e se lle atribúen as seguintes funcións:

- Promover actuacións encamiñadas a dinamizar o uso do galego nas actividade cotiás da cidadanía.
- Xestionar liñas de información e axuda dirixidas a asociacións e empresas para fomento do uso de galego.
- Xestionar expedientes relacionados co fomento do uso do galego.
- Elaborar informes, estudios, memorias e estadísticas sobre temas do servizo. Asesoramento técnico.
- Elaborar propostas para tomas de decisión relacionadas co servizo.
- Colaborar co persoal do servizo na realización de traballos de especial dificultade ou urxencia.
- Execución e seguimento de decisións adoptadas

Modifícase a titulación de acceso permitíndose a de Licenciatura en Lingua Galega, Grao en xestión cultural ou equivalente.

Así mesmo, en canto ao requisito do galego, se modifica a Celga IV ou equivalente.

2.3. Modifícase a denominacióndo posto CE.1.4.08 Animador/a cultural polo de Auxiliar de deseño gráfico, que representa mellor as funcións desenvolvidas polo mesmo que se matizan asimesmo na súa ficha de descrición do posto.

2.4.- Créase un posto de conserxe-ordenanza, sen dotación (CE.1.5.03) coas características que se especifican na súa ficha de posto de traballo.

3. No servizo de **Dinamización, Formación e Emprego** créase un posto de conserxe-ordenanza, sen dotación (DF.1.5.02) coas características que se especifican na súa ficha de posto de traballo.

4. No servizo de **Medio ambiente, Servizos e Obras** elimínase o posto MS.1.1.05 Xefa/e sección obras públicas e servizos e crease un de enxeñeira/o técnico obras públicas (MS.1.1.05) coas características que se citan na súa ficha de posto de traballo, que se achega a este informe.

## 2. MODIFICACIÓN DAS DEDICACIÓNS DE POSTOS

Modifícase a dedicación dos seguintes postos:

| Código do posto | Denominación do posto | Dedicación actual | Puntos CE actual | Dedicación proposta | Puntos CE por cambio en dedicación posto |
|---|---|---|---|---|---|
| AL.1.1.01 | Xefa/e do Gabinete Técnico | - | 300 | ESP | 340 |
| AL.1.1.02 | Técnica/o de administración | - | 140 | PH | 160 |
| AL.1.1.03 | Técnica/o de administración | - | 140 | PH | 160 |
| AX.1.1.01 | Xefa/e Aseoría xurídica | - | 260 | ESP | 300 |
| BS.2.1.01 | Xefa/e sección servizos sociais básicos | - | 190 | ESP | 230 |
| BS.3.2.01 | Animador/a servizos sociais | PH | 160 | ESP | 180 |
| CE.1.1.01 | Xefa/e do servizo de cultura e educación | PE | 240 | ESP | 270 |
| CE.1.3.01 | Técnica/o animación sociocultural | PH | 120 | ESP | 140 |
| DF.1.1.01 | Xefa/e servizo dinamización, formación e emprego | - | 240 | ESP | 280 |
| DF.1.2.04 | Técnico/a dinamización e xuventude | PH | 125 | ESP | 145 |
| EF.1.1.01 | Xefa/e servizo economía e facenda | - | 260 | ESP | 300 |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EF.1.2.01 | Xefa/ negociado contratación e asuntos xerais | | 120 | PH | 140 |
| MS.1.1.01 | Xefa/e servizo medio ambiente, servizos e obras | PH | 320 | ESP | 340 |
| MS.1.2.02 | Xefa/e negociado xestión administrativa | | 120 | PH | 140 |
| SX.2.2.02 | Xefa/e negociado rexistro e padrón | | 120 | PH | 140 |
| UR.1.1.01 | Xefa/e área urbanismo | PH | 300 | ESP | 320 |
| UR.1.1.02 | Xefa/e servizo urbanismo | PH | 280 | ESP | 300 |
| UR.1.2.02 | Xefa/e negociado licenzas e obras | | 120 | PH | 140 |

C.I.F. P-1503100-H

## 3. MODIFICACIÓN DA FORMA DE PROVISIÓN E DAS FUNCIÓNS DALGÚNS POSTOS.

Se modifica a forma de provisión dos postos de Xefa/e área e Xefa/e servizo que se relacionan, pasando a ser o de concurso/ libre designación/ concurso con outras administracións:

- Xefa/e de Gabinete Técnico.
- Xefa/e de Asesoría Xurídica.
- Xefa/e servizo de benestar social.
- Xefa/e servizo cultura e educación.
- Xefa/e servizo deportes e participación cidadá.
- Xefa/e servizo dinamización, formación e emprego.
- Xefa/e servizo economía e facenda.
- Xefa/e servizo medio ambiente, servizos e obras.
- Xefa/e área urbanismo.
- Xefa/e servizo de urbanismo.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

En canto á modificación de funcións, se modifican segundo o detalle que se plasma nas fichas de descricións dos postos adxuntos a este informe, as funcións dos seguintes postos: Xefa/e Gabinete Técnico (AL.1.1.01), Xefa/e asesoría xurídica (AX.1.1.01), Técnica/o de cultura (código posto CE.1.1.05, antes denominado Técnica/o normalización lingüística), Auxiliar de deseño gráfico (código posto CE.1.4.08, antes denominado Animador/a cultural), Xefa/e servizo de dinamización, formación e emprego (código posto DF.1.1.01) e o de Técnica/o auxiliar de urbanismo (UR.1.4.03).

## 4. MODIFICACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO DALGÚNS POSTOS.

Modifícanse os niveis do CD dos seguintes postos:

| Código | Denominación do posto | CD |
| --- | --- | --- |
| SC.1.3.07 | Policía | 20 |
| SC.1.3.08 | | |
| SC.1.3.09 | | |
| SC.1.3.10 | | |
| SC.1.3.11 | | |
| SC.1.3.12 | | |
| SC.1.3.13 | | |
| SC.1.3.14 | | |
| SC.1.3.15 | | |
| SC.1.3.16 | | |
| SC.1.3.17 | | |
| SC.1.3.18 | | |
| SC.1.3.19 | | |
| SC.1.3.20 | | |
| SC.1.3.21 | | |
| SC.1.3.22 | | |


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | |
|---|---|---|
| SC.1.3.23 | | |
| SC.1.3.24 | | |
| SC.1.3.25 | | |
| SC.1.3.26 | | |
| SC.1.3.27 | | |
| SC.1.3.28 | | |
| SC.1.3.29 | | |
| SC.1.3.30 | | |
| SC.1.3.31 | | |
| SC.1.3.32 | | |
| SC.1.3.33 | | |
| AL.2.3.01 | Administrativa/o | 20 |
| AL.2.3.02 | | |
| AL.2.3.03 | | |
| AX.1.3.01 | | |
| BS.1.3.01 | | |
| BS.1.3.02 | | |
| BS.1.3.03 | | |
| DF.1.3.01 | | |
| DF.1.3.02 | | |
| EF.1.3.01 | | |
| EF.1.3.02 | | |
| IT.1.3.01 | | |

C.I.F. P-1503100-H

| | | |
| --- | --- | --- |
| | | |
| IT.1.3.02 | | |
| IT.1.3.03 | | |
| MS.1.3.01 | | |
| MS.1.3.02 | | |
| MS.1.3.03 | | |
| MS.1.3.04 | | |
| SX.1.3.01 | | |
| SX.1.3.02 | | |
| SX.1.3.03 | | |
| SX.2.3.01 | | |
| SX.2.3.02 | | |
| SX.2.3.03 | | |
| SX.2.3.04 | | |
| SC.1.3.34 | | |
| UR.1.3.01 | | |
| UR.1.3.02 | | |
| SX.2.3.05 | | |
| SC.1.3.01 | Oficial | 22 |
| SC.1.3.02 | | |
| SC.1.3.03 | | |
| SC.1.3.04 | | |
| SC.1.3.05 | | |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| SC.1.3.06 | | |
| DF.1.2.04 | Técnica/o dinamización e xuventude | 22 |
| SC.1.2.02 | Inspector/a | 24 |
| AL.1.3.03 | Técnica/o administración | |
| SC.1.2.01 | Inspector/a principal. Xefa/e servizo SCE | 26 |

**5. MODIFICACIÓN DA XORNADA DALGÚNS POSTOS.**

Pasan a ser postos con xornada completa os postos CE.4.1.04 (profesor/a canto) e CE.4.1.17 (profesor/a saxofón). Os postos CE.4.1.07 (profesor/a composición), CE.4.1.08 (profesor/a frauta), 4.1.11 (profesor/a percusión) e CE.4.1.18 (profesor/a trompeta), que tiñan xornada parcial, se lles atribúe unha xornada de 17 horas semanais.

C.I.F. P-1503100-H

**6. INCLUSIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS NO POSTO DE SECRETARIA/O XERAL.**

Baremos de méritos específicos (1,5 puntos)

A) Servicios prestados

Servicios prestados como funcionario de carrera en puestos de trabajo reservados a personal funcionario con habilitación de carácter nacional, correspondientes a la misma subescala y categoría que el puesto convocado (secretaria de categoría superior): 0,06 por mes hasta un máximo de 1.5 puntos

Motivación: la estructura y entidad de un municipio como Culleredo con más de 30.000 habitantes y parte del área metropolitana de La Coruña requiere acreditar una experiencia previa en el desempeño de puestos de trabajo de secretaría con categoría superior.

B) Cursos de formación y perfeccionamiento.

No se valoran.

C) Otros requisitos.

No se valoran.

D) Entrevista personal.

No

## 7. MODIFICACIÓN DAS FUNCIÓNS DALGÚNS SERVIZOS.

### Dinamización, formación e emprego

- Feiras, abastos, mercados, lonxas, e comercio ambulante. Festas e eventos.
- Formación. Xestión das escolas obradoiro, desenvolvemento de plans de formación propia e de plans de
- formación con organismos públicos e empresas. Inserción laboral e fomento do emprego.
- Promoción e fomento da actividade económica. Dinamización da vida económica local. Relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento.
- Xestión de políticas municipais en materia de industria e comercio. Relación coas asociacións de empresarios e comerciantes.
- Xestión das políticas municipais de mocidade.
- Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Xestión dos procedementos de  licenzas de atividade.

C.I.F. P-1503100-H

### Persoal, organización e réxime interior

- Instrumentos de xestión de persoal: relación de postos de traballo, cadro de persoal, oferta de emprego público.
- Procesos de selección de persoal funcionario e laboral. Altas e baixas de empregados.
- Acordo negociado das condicións de traballo do persoal funcionario, Convenio colectivo.
- Xestión de vacacións, permisos e licencias dos empregados municipais. Control horario.
- Xestión de nóminas e seguridade social de funcionarios e persoal laboral.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

- Planificación e control das revisións médicas anuais dentro do plan de prevención de riscos.
- Oferta de programas de formación dos empregados.
- Información e atención á cidadanía.
- Xestión da compra de material de oficina (consumibles e mobiliario) para os empregados públicos.

## 7. MODIFICACIÓN DA DOTACIÓN DALGUNHAS PRAZAS:

Variación da dotación de prazas:

- Dotación 1 prazaTécnica/o administración (AL.1.1.04 )
- Dotación 1 praza Técnica/o sistemas de informática (EF.2.1.02)
- Dotación a xornada completa das prazas: 1 profesor/a canto (CE.4.1.04) e 1 profesor/a saxofón (CE.4.1.17)
- Dotación dunha xornada de 17 horas semanais as prazas de: 1 profesor/a composición (CE.4.1.07), 1 profesor/a frauta (CE.4.1.08), 1 profesor/a percusión (CE.4.1.11) e 1 profesor/a trompeta (CE.4.1.18)
- Déixanse sen dotación as seguintes prazas:
    - UR.1.1.01 Xefa/e área de urbanismo
    - UR.1.1.02 Xefa/e servizo urbanismo
    - AL.2.1.01 Xefa/e servizo persoal e organización

Supresión prazas

- 1 praza de xefa/e sección obras públicas e servizos.
- 1 praza historiador/a

Prazas de nova creación

- 2 prazas de conserxe-ordenanza (subalternos) (CE.1.5.03 e DF.1.5.02). Sen dotación.
- 1 praza de arquitecta/o (UR.1.1.05). Con dotación.


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

- 1 praza de técnica/o de administración xeral (AL.1.1.04). Con dotación.
- 1 praza de enxeñeira/o técnica/o obras públicas (MS.1.1.05). Con dotación.

**Terceiro**.- Aprobar inicialmente, de acordo co sinalado no puntos anteriores, os seguintes documentos:

- Relación de postos de traballo: documento código UPO17I005M.
- Fichas dos postos de traballo modificados: documento código UPO17I0063
- Funcións modificadas dalgúns servizos: UPO17I002Y

**Cuarto**.- Someter o expediente á exposición pública de 30 días, contados dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación da Relación de Postos de Traballo considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, de acordo co disposto nos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

**Quinto**.- Os cambios económicos derivados da aprobación da modificación da relación de postos de traballo terán efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2023.

Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada íntegramente no boletín oficial da provincia. "

A Presidencia abre a quenda para o debate:

A continuación fai uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes que fai unha presentación da proposta. (neste momento incorpórase á sesión o concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Priego García)

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido, quen unha vez concedido, di que o seu grupo municipal explicou na Comisión Informativa porque algo tan importante como unha modificación da RPT vai a un Pleno extraordinario e sobre todo sen os informes de intervención e de secretaría; que parece ser que van ter un novo secretario con regularidade a partir do día trece; que non saben a que se debe esta présa e que a explicación que lles deron o outro día non é aceptable, lles dixeron que era para solicitar da Xunta de Galicia a inclusión de méritos específicos no baremo para a convocatoria, para facer a provisión de forma definitiva da praza de secretario municipal; di que ten a convocatoria e que pon os baremos de

méritos específicos: 1,5 puntos a servizos prestados como funcionarios de carreira en postos de traballo reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional correspondentes a mesma subescala e categoría do posto convocado, secretaría de posto superior; di que a motivación é que a estrutura e entidade dun municipio como Culleredo de máis de 30.000 habitantes e parte da área metropolitana da Coruña, require acreditar unha experiencia previa no desempeño de postos de traballo de secretaría con cargo superior; que un Concello como Culleredo xa require iso sin que sexa unha cuestión a valorar nos méritos específicos; que son méritos ordinarios, un requisito ordinario; pregúntase como se vai valorar como un requisito específico o que é unha cuestión ordinaria; di que isto foi o que lles explicaron o outro día na Comisión informativa e que era o motivo que daba lugar a que a RPT non puidera esperar a un pleno ordinario, que terán dentro de pouco, e que por iso tivo que ir neste pleno extraordinario; que non se xustifica que estén nun pleno extraordinario ás 9.30 h da mañá sen a publicidade requirida e que merece un pleno ordinario para discutir esta cuestión; que hai outros méritos que non se valoran como son os criterios de perfeccionamento ou a entrevista persoal; que están metendo esto como desculpa para ir correndo porque lles apremia o prazo para meter os méritos específicos na Xunta cando os méritos non son tales. Respecto da modificación da RPT, di que a documentación está incompleta, que non hai informe de secretaría nin de intervención; que non están as actas da Mesa xeral de negociación (imprescindible que se inclúa dentro da elaboración dunha RPT); que estivo revisando outras modificacións de RPT e que xa se lles chamaba a atención por facer o mesmo; que no 2021 sí que había informes de intervención e secretaría e chamaban a atención sobre ese aspecto: a ausencia das actas de Mesa Xeral de negociación, documentación imprescindible para saber e para formarse unha opinión as 21 persoas que están no pleno sobre de que están falando: se hai acordo da representación dos traballadores ou non. Por outra parte dí que é certo que hai unha proposta con conformidade pero que non garda un mínimo contido formal, trátase dun informe de persoal con conformidade da secretaría; que as dúas cousas son un único informe xa que resulta que o secretario accidental que teñen no día da data, Sr. Varela Tejedor como xefe do gabinete técnico di que hai que modificar a RPT, como xefe de persoal informa sobre a RPT e como secretario emite a conformidade co seu informe proposta; que eso lle parece unha barbaridade; que están a tomarlle o pelo á xente; que o que propoñen é que lle suban o soldo a todo o persoal do gabinete da alcaldía: as secretarias do alcalde pasaron de que no pleno de organización se propuxo asignarlles un complemento específico de 105 puntos e agora lles asignan 145 puntos, que o propio xefe do gabinete súbese 40 puntos no complemento específico do seu posto e que outro tanto pasa coa asesoría xurídica e co persoal de confianza ou persoal eventual: tres técnicos A2 dos que seguen os membros do goberno sen saber o seu horario, a súa axenda e as súas funcións principalmente; di que hai unha cuestión clara que é reformar a RPT para ver se lle suben o soldo ó persoal de gabinete da alcaldía porque veñen as eleccións e esta é unha mensaxe importante para esas cinco persoas que ten á dedo como persoal eventual; que a RPT é o catálogo de postos de traballo que o concello necesita para traballar, onde está fixado de antemán para os postos e non para as persoas, os salarios en función dos


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

complementos específicos e dos complementos de destino; que como calquera outro acto administrativo debe estar motivado; que unha modificación que implica un incremento da masa salarial neste caso por riba do establecido nos orzamentos xerais do Estado, necesita unha motivación e necesita unha serie de informes que non están incluídos; pregúntalle á Sra. Iglesias Becerra polo traballo que estaba a facer unha empresa para a valoración individualizada dos postos de traballo; que non ven na documentación o resultado dese traballo e que hai dous anos que lles falou del e seguen sen velo; que non é a primeira nin a segunda modificación da RPT onde non hai informes da secretaría e intervención; que na RPT do 2021 os informes da intervención e da secretaría lle recordaban que correspondía facer unha valoración individualizada da relación de postos de traballo: "no informe da señora interventora sinálase entre outras cousas que, analizando as consignacións efectuadas nos créditos presupostarios destinados a gastos de persoal dedúcese que a cantidade destinada no presente presuposto ao complemento específico supera novamente o límite máximo establecido na lexislación de aplicación"; di que llo está advertindo xa nos orzamentos reiteradamente; que non trouxeron o orzamento do 2023 pero sería de supoñer que diría o mesmo "respecto dos complementos de destino e específicos reiterase o sinalado por esta secretaría en anteriores ocasións verbo de que infrinxe a legalidade a asignación de complementos de destino sen que conste unha valoración obxectiva do posto de traballo e asignación de complementos específicos sen a previa valoración obxectiva dos postos, este punto lévase informado por esta secretaria verbo da necesidade de realizar unha axeitada valoración obxectiva de todos os postos de traballo polo que se traslada á Corporación a necesidade da obriga de efectuar dita valoración no informe de intervención o proxecto de presuposto para o 2021 tamén se alude a inadecuada valoración de numerosos postos atendendo á súa carga de traballo, dificultades técnicas, responsabilidade"; que están concluíndo un mandato de catro anos; que a maior parte dos membros do goberno municipal levan oito no goberno; que o alcalde leva xa en exercicio 6 anos e pregunta se aínda non se enteraron de todo isto ou pola contra, si que se enteraron, pero lles dá igual; que pensa que é que lles dá igual; que terán que asumir as responsabilidades do que están facendo; remata dicindo que con esto quedou máis que xustificado o seu voto en contra e que non vai gastar o tempo en pedirlles que retiren a proposta porque xa sabe que non o van facer pero deberían facelo.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal do PP, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a RPT constitúe o principal instrumento organizativo das entidades locais e que en Culleredo nesta lexislatura se trouxeron modificacións parciais nos anos 2020, no 2021 e agora no 2023; que na modificación do ano 2020 se concluira tanto polos sindicatos como polo goberno municipal e pola secretaría e intervención que era necesaria unha revisión en profundidade da RPT xa que durante anos a dotación de persoal era insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos e se incumple a valoración de numerosos postos atendendo á súa carga de traballo, dificultade técnica e responsabilidade; que eso é o que viña nos informes de intervención e secretaría das anteriores modificacións; que nese ano o goberno municipal dixo que se contratara unha

C.I.F. P-1503100-H

empresa que ía facer a valoración de todos os postos de traballo e definir as súas funcións, é dicir, cumprir co obxectivo que era unha revisión en profundidade. A Sra. García Gorostizu quere preguntar: que pasou con esa RPT, cando se vai traer a pleno porque outra vez traen un modificación parcial e, polo que teñen entendido, na documentación que se lles puxo a disposición faltaba o informe de secretario, informe de intervención  e as actas das mesas xerais de negociación; pregunta se lle poden confirmar se os traballadores e os sindicatos votaron en contra desta modificación; se os sindicatos votaron en contra e non hai acordo cos traballadores pregunta a quen benefician eles con esta modificación parcial da RPT  e pide unha explicación deso. Por outra parte, o PP cre que o goberno municipal non debe de ser arbitrario nas súas decisións  e modificar só os postos dos seus catro amigos; pide que se lle explique e xustifique a subida de soldo do persoal eventual que é o gabinete de alcaldía, o seu persoal de confianza a tres meses de eleccións porque lle parece curioso.Tampouco entenden e lles gustaría que lles explicaran a paradoxa de que quen presenta esta RPT,o xefe do gabinete técnico,  sexa a mesma persoa que fai de secretario accidental e quen dá fe de que o feito por el está ben feito; ao Grupo Municipal do Partido Popular non lles parece serio; di que en breve se incorpora un secretario municipal, concretarmente o luns, e pregunta por que non esperan a presentar esto, porque como dixo o seu compañeiro Sr. Chouciño Garrido, a escusa que puxeron para ter que facer esto antes do día dez non se sustenta xa que ademais esto sería unha aprobación inicial e á Xunta de Galicia tería que enviarlle unha aprobación definitiva; que parece que esto se fai ás carreiras e antes de que se incorpore o secretario municipal.Tamén quere aproveitar este punto para que se lles responda ás seguintes preguntas: por que se perdeu a achega ao plan de pensións e quedou anulada; por que  non se fixeron os recoñecementos médicos nestes dous últimos anos; cantos expedientes ou apercibimentos se abriron ao persoal neste último ano e nos vinte anos anteriores e por que destes expedientes só un tivo trámite de audiencia. O resumo do que o goberno municipal trouxo ao pleno é unha modificación da RPT sen acordo cos sindicatos, de forma apresurada, sen informe de intervención e cun informe de secretario accidental a un día de que se incorpore o secretario municipal. Di que por todo esto eles votarán en contra.

Toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes que di que as dúas intervencións do Sr. Chouciño Garrido e da Sra. García Gorostizu van pola mesma liña; que a urxencia se motivou o outro día na Xunta de Voceiros e que o explicou o secretario accidental e se acordou que era correcta a urxencia e así se decretara e decidira na Comisión informativa e di que polo tanto nese debate non vai entrar. Noutro debate no que non quere entrar e no de sempre, traballadores de primeira, de segunda, eventuais, non eventuais; que se dá conta polas intervencións de que non revisaron a documentación da RPT enteira porque hai moitas máis modificacións: na estrutura, nas funcións, na plantilla de policía, en xefaturas, en persoal que está asumindo funcións desde hace moito tempo máis alá do que marca o posto e que non só é centrarse no gabinete da alcaldía e no persoal eventual; que hai afectadas  40 ou 50 persoas; que a contestación das mesas sindicais nas anteriores RPT tampouco se puxo a disposición, pero se se solicitan se dán; que de feito, na Comisión Informativa a Sra.

García Gorostizu solicitounas e se lle fixeron chegar; que saben perfectamente que o voto dos sindicatos é un voto en contra pero que un voto en contra porque os sindicatos fixeron o traballo que tiñan que facer que era pedir para todos; que o voto en contra non significa estar en contra desta RPT senón estar en contra porque queren que se lles suba a todo o mundo pero como dixo o Sr. Chouciño Garrido teñen un límite de masa salarial e non poden; que as RPT hai que adaptalas á realidade de cada entidade local e eles a adaptaron; que se fixeron máis modificacións parciais no 2020 e no 2021 e que curiosamente nesas modificación parciais tiveron o apoio dos sindicatos e dos traballadores e o voto deles foi en contra; que se pregunta se a defensa do día da data é a favor dos traballadores ou en contra do goberno local xa que non ten moito sentido esta defensa cando anteriormente votaron a favor e tampouco se respetou o seu voto. No relativo aos expedientes disciplinarios no día data que se abriran desde esa concellería hai dous, e non hai máis; que están informados os sindicatos e que se fixo o trámite normal e que se resolverán polas vías e canles polas que se teñan que resolver cada un, que se xudicializan haberá que esperar evidentemente. No tocante ao plan de pensións, di que foi un problema administrativo nese momento, que se está solventando, que non hai ningún problema e que xa se informou aos traballadores no seu momento; no tocante aos recoñecementos médicos, que teñen á empresa en licitación e contan que este ano xa os poidan realizar. Di que ten a sensación de que a RPT non se revisou en profundidade porque hai cambios importantes como as ampliacións do conservatorio ou a subida dos policías locais que son esenciais para o goberno municipal; que cada un faría unha RPT distinta, que eles elixen a estrutura que queren e que outros escollerían outra pero que como ben dixeron é o poder de autoorganización; que os postos sí se valoraron porque teñen un manual de valoración de postos que é público ao igual que o convenio; é un manual público onde se barema cada posto, os complementos de destino, específicos, peligrosidad, penosidad, etc e hai un informe do xefe de persoal que motiva cada un dos cambios que sofre esta RPT; que é unha RPT que non é lesiva porque as 40 ou 50 persoas se lles modifica para ben e non hai a ninguén que se lle perxudique.Por último, en relación aos informes da interventora e da secretaria di que hai un informe onde o secretario accidental se ratifica no informe de persoal e a interventora fai un informe onde di que non é preceptivo o seu informe e polo tanto non falta o informe de intervención.

A continuación intervén o Sr. Chouciño Garrido que di que nas xustificacións da Sra. Figueroa Fuentes se ve que o goberno municipal perdeu toda a vergonza e toda a dignidade se é que lles quedaba algunha; que van a caño libre e que polo caño libre circula o orzamento municipal, os cartos públicos. Respecto da urxencia, di que tan urxente foi que a súa compañeira para a Comisión informativa que foi ás 13.30 horas non dispoñía da documentación ás 11 da mañá; que todo ten o seu motivo e o motivo é que eles perderon toda a vergonza; que a Sra. Figueroa Fuentes di que a RPT leva tamén cousas boas, que faltaría máis que só levaran as cuestións das que están a falar; pensa que a conclusión é que os teñen agarrados, que están secuestrados e que lles piden que salgan coas mans en alto e voten a favor de todas as barbaridades que acaban de dicir aquí; que non o farán, porque acaban de xustificalo e porque van reiteralo; que respecto

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

das actas, acaba de dicir que as ten a Sra. García Gorostizu porque as solicitou na Comisión informativa, pregunta se é a demanda, se a documentación dun expediente que ten que vir a Pleno é a demanda; di que non entende que se a pide un concelleiro non a suban ao expediente, que o normal sería notificar que se esqueceu esa documentación, que o advertiu unha persoa e que o poñen á disposición na sede electrónica, pero o que fan e darlla á demanda ao concelleiro que a pediu; que as persoas do goberno municipal fan a súa propia interpretación das leis de procedemento administrativo. Respecto da masa salarial di que ten un límite pero que hai máis límites, que el falou de máis límites, que non se pode modificar o salario dunha persoa sen facer motivación e que se fai sen motivación; que o manual que leu ela o terá o goberno municipal porque no expediente non está e citado tampouco; que o que fan é poñer unha táboa onde din que as dúas secretarias do alcalde pasan de 100 a 145 puntos e que o Sr. Varela Tejedor pasa dun complemento específico de 300 a 340 puntos e pregunta se esa é a maneira de aplicar o manual, se é a motivación; que non, que é a ausencia de motivación. Reitera que o goberno municipal perdeu a vergonza completamente. Respecto dos expedientes disciplinarios di que se esquecen dun terceiro que deixaron caducar, que estivo no caixón dous anos ata que caducou, o expediente dunha persoa que despois estaba informando baixas temerarias para a Mesa de Contratación, mentres que tiña a espada de Damocles dun expediente sancionador que podía dar con el na rúa; pregúntalle á Sra. Figueroa Fuentes se ese se lle esqueceu. Respecto de que non revisaron en profundidade a RPT, di que como a ían revisar en profundidade; que un motivo foi a falta de tempo, pola extrema urxencia que mencionaron, que a súa compañeira dispuxo de menos de dúas horas para velo; que en expedientes tan extensos como este e nos que falta documentación, que a ver como se informan determinados aspectos que habería que ver, por exemplo as actas da Mesa de negociación, que a ver como as revisan en profundidade; que o segundo motivo é que cando empezan a ler a RPT ven tantas barbaridades que para que van seguir, que xa saben para que queren modificar a RPT; que eso non hai por onde collelo e que van votar en contra.

A continuación fai uso da palabra a Sra. García Gorostizu que lle di á Sra. Figueroa Fuentes que os sindicatos non votan en contra por unha subida que non afecta a todos os postos, que votan en contra porque se fai unha revisión do complemento específico sen valoración, porque a subida non é a de niveis acordada; que se presentou unha carta polos auxiliares administrativos na que estaban totalmente en contra da subida a dous únicos auxiliares administrativos e que o goberno municipal tivo que retiralo posteriormente; que a subida dos policías no complemento de destino tampouco é todo o acordado, que se acordara un nivel 22 e se sube un nivel 20; que no tocante á documentación posta a súa disposición e da que se falou anteriormente di que ela na Comisión pedira un informe da interventora (porque o goberno municipal dixera que a Sra. interventora valorara que non era necesario) onde puxera por escrito que o seu informe non era necesario e que tampouco o subiron ao expediente e pide que como está presente a Sra. Interventora se pode facer un inciso para dicir se é ou non é necesario o seu informe.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde que di que cre que esta cuestión está suficientemente debatida e que por elevar o ton non van ter máis nin menos razón; que a argumentación que se dá é bastante sólida, que hai que modificar puntualmente uns postos de traballo, máis dos que o PP e o BNG acaban de mencionar; que como ben indicaba a concelleira de persoal e no tocante ao tema dos asesores é totalmente incorrecto que todos os asesores da alcaldía sofran unha modificación, que simplemente no Pleno de organización, tiñan que ter unha puntuación de 145 puntos e tiveron 105 puntos, é dicir, que é ao revés; que esa é a realidade e o que demostra unha vez máis que non revisaron a documentación.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que eso non é certo.

O Sr. alcalde lle pide que non interrumpa e que en calquera caso a capacidade autoorganizativa non só deste goberno senón de calquera goberno na administración local é unha potestade dos gobernos; di que ve que noutros concellos, independentemente de quen os goberne, se modifican puntualmente as RPT para adaptalas a diferentes realidades e que en boa lóxica este debate se reproduce en moitos dos plenos da comarca, de Galicia e do ámbito nacional; que o goberno planifica e a oposición está en contra; que se el estivese, como xa estivo, na parte dos traballadores do Concello, se aliñaría cos sindicatos do Concello pola súa argumentación e organización, polo seu bo facer e a súa disposición a falar con este goberno; que pensa que van chegar a un entendemento óptimo porque a RPT á que eles fan mención xa está practicamente rematada e só quedan os flecos de expoñela a todos os sindicatos deste concello.

C.I.F. P-1503100-H

Concluídas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (12) don José Ramón Rioboo Castro, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, don Abraham Seijas González e dona Cristina Pardo Portos, **e 8 votos en contra**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Partido Popular de Culleredo (2), dona Izaskun García Gorostizu e don Antón Prieto García, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (3) , don Enrique Antonio Chouciño Garrido, dona Beatriz Pérez Mosquera e don Gonzalo Méndez Mosqueira, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, **os ACORDOS seguintes:**

**Primeiro**.- Declarar extraordinario e urxente o asunto de aprobación da modificación da relación de postos de traballo ao terse que remitir a convocatoria do concurso ordinario de méritos de funcionarios con habilitación de carácter nacional á Xunta de Galicia dentro dos primeiros dez días de febreiro, que require da aprobación dos méritos específicos a determinar la RPT.

**Segundo.-** Modificar a Relación de Postos de Traballo nos seguintes extremos concretos.

**1. MODIFICACIÓN DA ESTRUTURA ADMINISTRATIVA.**

1. Na área **Gabinete.Alcaldía** efectúanse os seguintes cambios:

1.1. Se plasma na estrutura da RPT o acordado polo Pleno do Concello de Culleredo en sesión celebrada o día 02/07/2019, mediante o que se aprobou a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza en canto ao número de asesores técnicos, e engádese un posto de persoal eventual, Asesor/a técnico alcalde á vista da resolución do Sr. Alcalde de 10/02/2022 de nomeamento dunha asesora técnica alcalde (RCE) (AL.1.1.07)

1.2. Créase un posto de Técnica/o administración AL.1.1.04 (por supresión do posto de Técnica/o cultura CE.1.1.03) co detalle que se especifica na súa ficha de posto de traballo.

2.- No servizo de **Cultura, Deportes e Educación** fanse os seguintes cambios:

2.1.Debido á supresión do citado posto de Técnica/o cultura (CE.1.1.03) modifícanse os códigos dos postos do servizo de cultura, deportes e educación.

C.I.F. P-1503100-H

| Código | Denominación posto | Rel. ser. | Esc. | Sist. Prov. | Grupo | CD CC | CE puntos | Xorn. | X. parc | Ded. | Titul. requerida | Outros requisitos / Observ |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CE.1.1.01 | Xefa/e servizo cultura e educación | F | AX/AE | C/L/COA | A1/A2 | 26 | 270 | M | | ESP | | |
| CE.1.1.02 | Xefa/e servizo deportes e participación cidadá | F | AX/AE | C/L/COA | A1/A2 | 26 | 240 | M | | PE | | |
| CE.1.1.03 | Psicóloga/o | F | AE | C | A1 | 22 | 140 | M | | | PS | |
| CE.1.1.04 | Pedagoga/o | F | AE | C | A1 | 22 | 140 | M | | | PD | |
| CE.1.1.05 | Técnica/o cultura | F | AE | C | A1/A2 | 20 | 140 | M | | | FG, GXC ou equivalente | |

| | | | | | | | | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| CE.1.2.01 | Bibliotecaria/o | F | AE | C | A2 | 20 | 160 | P | | | | |
| CE.1.2.02 | Técnica/o deportes | F | AE | C | A2 | 20 | 150 | M | | PE | | |
| CE.1.3.01 | Técnica/o animación sociocultural | F/PL | AE | C | C1/III | 22 | 140 | M | | ESP | TASC | |
| CE.1.4.01 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 90 | Mt | | | | |
| CE.1.4.02 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.4.03 | Auxiliar administrativa/o | F | AX | C | C2 | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.4.04 | Auxiliar administración | F | AX | C | C2 | 14 | 85 | T | | | | |
| CE.1.4.05 | Auxiliar administración | F | AX | C | C2 | 14 | 85 | T | | | | |
| CE.1.4.06 | Auxiliar biblioteca | F | AE | C | C2 | 18 | 105 | P | | | | |
| CE.1.4.07 | Auxiliar biblioteca | F | AE | C | C2 | 18 | 105 | P | | | | |
| CE.1.4.08 | Auxiliar deseño gráfico | F/PL | AE | C | C2/IV | 18 | 85 | M | | | | |
| CE.1.5.01 | Conserxe-ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 70 | T | | | | |
| CE.1.5.02 | Conserxe ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 70 | T | | | | |
| CE.1.5.03 | Conserxe ordenanza | F | AX | C | AP | 14 | 65 | M | | | | |

2.2. Se cambia a denominación do posto de Técnica/o normalización lingüística polo de Técnica/o cultura (código posto CE.1.1.05), e se lle atribúen as seguintes funcións:

- Promover actuacións encamiñadas a dinamizar o uso do galego nas actividade cotiás da cidadanía.
- Xestionar liñas de información e axuda dirixidas a asociacións e empresas para fomento do uso de galego.
- Xestionar expedientes relacionados co fomento do uso do galego.
- Elaborar informes, estudios, memorias e estadísticas sobre temas do servizo. Asesoramento técnico.
- Elaborar propostas para tomas de decisión relacionadas co servizo.
- Colaborar co persoal do servizo na realización de traballos de especial dificultade ou urxencia.
- Execución e seguimento de decisións adoptadas

C.I.F. P-1503100-H

Modifícase a titulación de acceso permitíndose a de Licenciatura en Lingua Galega, Grao en xestión cultural ou equivalente.

Así mesmo, en canto ao requisito do galego, se modifica a Celga IV ou equivalente.

2.3. Modifícase a denominacióndo posto CE.1.4.08 Animador/a cultural polo de Auxiliar de deseño gráfico, que representa mellor as funcións desenvolvidas polo mesmo que se matizan asimesmo na súa ficha de descrición do posto.

2.4.- Créase un posto de conserxe-ordenanza, sen dotación (CE.1.5.03) coas características que se especifican na súa ficha de posto de traballo.

3. No servizo de **Dinamización, Formación e Emprego** créase un posto de conserxe-ordenanza, sen dotación (DF.1.5.02) coas características que se especifican na súa ficha de posto de traballo.

4. No servizo de **Medio ambiente, Servizos e Obras** elimínase o posto MS.1.1.05 Xefa/e sección obras públicas e servizos e crease un de enxeñeira/o técnico obras públicas (MS.1.1.05) coas características que se citan na súa ficha de posto de traballo, que se achega a este informe.

## 2. MODIFICACIÓN DAS DEDICACIÓNS DE POSTOS

Modifícase a dedicación dos seguintes postos:

| Código do | Denominación do posto | Dedicación | Puntos | Dedicació | Puntos CE por |
|---|---|---|---|---|---|



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| posto | | actual | CE actual | n proposta | cambio en dedicación posto |
|---|---|---|---|---|---|
| AL.1.1.01 | Xefa/e do Gabinete Técnico | - | 300 | ESP | 340 |
| AL.1.1.02 | Técnica/o de administración | - | 140 | PH | 160 |
| AL.1.1.03 | Técnica/o de administración | - | 140 | PH | 160 |
| AX.1.1.01 | Xefa/e Aseoría xurídica | - | 260 | ESP | 300 |
| BS.2.1.01 | Xefa/e sección servizos sociais básicos | - | 190 | ESP | 230 |
| BS.3.2.01 | Animador/a servizos sociais | PH | 160 | ESP | 180 |
| CE.1.1.01 | Xefa/e do servizo de cultura e educación | PE | 240 | ESP | 270 |
| CE.1.3.01 | Técnica/o animación sociocultural | PH | 120 | ESP | 140 |
| DF.1.1.01 | Xefa/e servizo dinamización, formación e emprego | - | 240 | ESP | 280 |
| DF.1.2.04 | Técnico/a dinamización e xuventude | PH | 125 | ESP | 145 |
| EF.1.1.01 | Xefa/e servizo economía e facenda | - | 260 | ESP | 300 |
| EF.1.2.01 | Xefa/ negociado contratación e asuntos xerais | | 120 | PH | 140 |
| MS.1.1.01 | Xefa/e servizo medio ambiente, servizos e obras | PH | 320 | ESP | 340 |
| MS.1.2.02 | Xefa/e negociado xestión administrativa | | 120 | PH | 140 |
| SX.2.2.02 | Xefa/e negociado rexistro e padrón | | 120 | PH | 140 |
| UR.1.1.01 | Xefa/e área urbanismo | PH | 300 | ESP | 320 |
| UR.1.1.02 | Xefa/e servizo urbanismo | PH | 280 | ESP | 300 |
| UR.1.2.02 | Xefa/e negociado licenzas e obras | | 120 | PH | 140 |


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

**3. MODIFICACIÓN DA FORMA DE PROVISIÓN E DAS FUNCIÓNS DALGÚNS POSTOS.**

Se modifica a forma de provisión dos postos de Xefa/e área e Xefa/e servizo que se relacionan, pasando a ser o de concurso/ libre designación/ concurso con outras administracións:

- Xefa/e de Gabinete Técnico.
- Xefa/e de Asesoría Xurídica.
- Xefa/e servizo de benestar social.
- Xefa/e servizo cultura e educación.
- Xefa/e servizo deportes e participación cidadá.
- Xefa/e servizo dinamización, formación e emprego.
- Xefa/e servizo economía e facenda.
- Xefa/e servizo medio ambiente, servizos e obras.
- Xefa/e área urbanismo.
- Xefa/e servizo de urbanismo.

En canto á modificación de funcións, se modifican segundo o detalle que se plasma nas fichas de descricións dos postos adxuntos a este informe, as funcións dos seguintes postos: Xefa/e Gabinete Técnico (AL.1.1.01), Xefa/e asesoría xurídica (AX.1.1.01), Técnica/o de cultura (código posto CE.1.1.05, antes denominado Técnica/o normalización lingüística), Auxiliar de deseño gráfico (código posto CE.1.4.08, antes denominado Animador/a cultural), Xefa/e servizo de dinamización, formación e emprego (código posto DF.1.1.01) e o de Técnica/o auxiliar de urbanismo (UR.1.4.03).

**4. MODIFICACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO DALGÚNS POSTOS.**

Modifícanse os niveis do CD dos seguintes postos:

| Código | Denominación do posto | CD |
|---|---|---|
| SC.1.3.07 | | |
| SC.1.3.08 | | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | |
|---|---|---|
| SC.1.3.09 | Policía | 20 |
| SC.1.3.10 | | |
| SC.1.3.11 | | |
| SC.1.3.12 | | |
| SC.1.3.13 | | |
| SC.1.3.14 | | |
| SC.1.3.15 | | |
| SC.1.3.16 | | |
| SC.1.3.17 | | |
| SC.1.3.18 | | |
| SC.1.3.19 | | |
| SC.1.3.20 | | |
| SC.1.3.21 | | |
| SC.1.3.22 | | |
| SC.1.3.23 | | |
| SC.1.3.24 | | |
| SC.1.3.25 | | |
| SC.1.3.26 | | |
| SC.1.3.27 | | |
| SC.1.3.28 | | |
| SC.1.3.29 | | |
| SC.1.3.30 | | |

| | | |
| --- | --- | --- |
| | | |
| SC.1.3.31 | | |
| SC.1.3.32 | | |
| SC.1.3.33 | | |
| AL.2.3.01 | Administrativa/o | 20 |
| AL.2.3.02 | | |
| AL.2.3.03 | | |
| AX.1.3.01 | | |
| BS.1.3.01 | | |
| BS.1.3.02 | | |
| BS.1.3.03 | | |
| DF.1.3.01 | | |
| DF.1.3.02 | | |
| EF.1.3.01 | | |
| EF.1.3.02 | | |
| IT.1.3.01 | | |
| IT.1.3.02 | | |
| IT.1.3.03 | | |
| MS.1.3.01 | | |
| MS.1.3.02 | | |
| MS.1.3.03 | | |
| MS.1.3.04 | | |
| SX.1.3.01 | | |

C.I.F. P-1503100-H

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| SX.1.3.02 | | |
| SX.1.3.03 | | |
| SX.2.3.01 | | |
| SX.2.3.02 | | |
| SX.2.3.03 | | |
| SX.2.3.04 | | |
| SC.1.3.34 | | |
| UR.1.3.01 | | |
| UR.1.3.02 | | |
| SX.2.3.05 | | |
| SC.1.3.01 | Oficial | 22 |
| SC.1.3.02 | | |
| SC.1.3.03 | | |
| SC.1.3.04 | | |
| SC.1.3.05 | | |
| SC.1.3.06 | | |
| DF.1.2.04 | Técnica/o dinamización e xuventude | 22 |
| SC.1.2.02 | Inspector/a | 24 |
| AL.1.3.03 | Técnica/o administración | |
| SC.1.2.01 | Inspector/a principal. Xefa/e servizo SCE | 26 |

## 5. MODIFICACIÓN DA XORNADA DALGÚNS POSTOS.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

Pasan a ser postos con xornada completa os postos CE.4.1.04 (profesor/a canto) e CE.4.1.17 (profesor/a saxofón). Os postos CE.4.1.07 (profesor/a composición), CE.4.1.08 (profesor/a frauta), 4.1.11 (profesor/a percusión) e CE.4.1.18 (profesor/a trompeta), que tiñan xornada parcial, se lles atribúe unha xornada de 17 horas semanais.

## 6. INCLUSIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS NO POSTO DE SECRETARIA/O XERAL.

Baremos de méritos específicos (1,5 puntos)

A) Servicios prestados

Servicios prestados como funcionario de carrera en puestos de trabajo reservados a personal funcionario con habilitación de carácter nacional, correspondientes a la misma subescala y categoría que el puesto convocado (secretaria de categoría superior): 0,06 por mes hasta un máximo de 1.5 puntos

Motivación: la estructura y entidad de un municipio como Culleredo con más de 30.000 habitantes y parte del área metropolitana de La Coruña requiere acreditar una experiencia previa en el desempeño de puestos de trabajo de secretaría con categoría superior.

B) Cursos de formación y perfeccionamiento.

No se valoran.

C) Otros requisitos.

No se valoran.

D) Entrevista personal.

No

## 7. MODIFICACIÓN DAS FUNCIÓNS DALGÚNS SERVIZOS.

### Dinamización, formación e emprego

- Feiras, abastos, mercados, lonxas, e comercio ambulante. Festas e eventos.
- Formación. Xestión das escolas obradoiro, desenvolvemento de plans de formación propia e de plans de
- formación con organismos públicos e empresas. Inserción laboral e fomento do emprego.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

- Promoción e fomento da actividade económica. Dinamización da vida económica local. Relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento.
- Xestión de políticas municipais en materia de industria e comercio. Relación coas asociacións de empresarios e comerciantes.
- Xestión das políticas municipais de mocidade.
- Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Xestión dos procedementos de  licenzas de atividade.

**Persoal, organización e réxime interior**

- Instrumentos de xestión de persoal: relación de postos de traballo, cadro de persoal, oferta de emprego público.
- Procesos de selección de persoal funcionario e laboral. Altas e baixas de empregados.
- Acordo negociado das condicións de traballo do persoal funcionario, Convenio colectivo.
- Xestión de vacacións, permisos e licencias dos empregados municipais. Control horario.
- Xestión de nóminas e seguridade social de funcionarios e persoal laboral.
- Planificación e control das revisións médicas anuais dentro do plan de prevención de riscos.
- Oferta de programas de formación dos empregados.
- Información e atención á cidadanía.
- Xestión da compra de material de oficina (consumibles e mobiliario) para os empregados públicos.

## 7. MODIFICACIÓN DA DOTACIÓN DALGUNHAS PRAZAS:

Variación da dotación de prazas:

- Dotación 1 prazaTécnica/o administración (AL.1.1.04 )

C.I.F. P-1503100-H

- Dotación 1 praza Técnica/o sistemas de informática (EF.2.1.02)
- Dotación a xornada completa das prazas: 1 profesor/a canto (CE.4.1.04) e 1 profesor/a saxofón (CE.4.1.17)
- Dotación dunha xornada de 17 horas semanais as prazas de: 1 profesor/a composición (CE.4.1.07), 1 profesor/a frauta (CE.4.1.08), 1 profesor/a percusión (CE.4.1.11) e 1 profesor/a trompeta (CE.4.1.18)
- Déixanse sen dotación as seguintes prazas:
  - UR.1.1.01 Xefa/e área de urbanismo
  - UR.1.1.02 Xefa/e servizo urbanismo
  - AL.2.1.01 Xefa/e servizo persoal e organización

Supresión prazas

- 1 praza de xefa/e sección obras públicas e servizos.
- 1 praza historiador/a

C.I.F. P-1503100-H

Prazas de nova creación

- 2 prazas de conserxe-ordenanza (subalternos) (CE.1.5.03 e DF.1.5.02). Sen dotación.
- 1 praza de arquitecta/o (UR.1.1.05). Con dotación.
- 1 praza de técnica/o de administración xeral (AL.1.1.04). Con dotación.
- 1 praza de enxeñeira/o técnica/o obras públicas (MS.1.1.05). Con dotación.

**Terceiro**.- Aprobar inicialmente, de acordo co sinalado no puntos anteriores, os seguintes documentos:

- Relación de postos de traballo: documento código UPO17I005M.
- Fichas dos postos de traballo modificados: documento código UPO17I0063
- Funcións modificadas dalgúns servizos: UPO17I002Y

**Cuarto**.- Someter o expediente á exposición pública de 30 días, contados dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, prazo no que os interesados poderán



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación da Relación de Postos de Traballo considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, de acordo co disposto nos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

**Quinto**.- Os cambios económicos derivados da aprobación da modificación da relación de postos de traballo terán efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2023.

Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada íntegramente no boletín oficial da provincia.

**2.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2023 E APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO DO ANO 2023**

Seguidamente a Presidencia dá conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de febreiro de 2023, código de documento UCP17I005D, (ditaminada favorablemente pola comisión informativa permanente de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión extraordinaria urxente de data 7 de febreiro de 2023, por MAIORÍA de 4 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, Dona Marta María Figueroa Fuentes, Don Carlos Liñares Gestal e Don Abraham Seijas González e 3 abstencións da concelleira do Grupo Municipal do PP, Dona Izaskun García Gorostizu, da concelleira do Grupo Municipal do BNG, Dona Beatriz Pérez Mosquera e da concelleira do Grupo Municipal de AAVV, Dona Sandra Marzoa García), que transcrita literalmente di:

"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación das bases reguladas do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2023) no que a este Concello lle corresponden 952.683,16 €, coa seguinte distribución

| | |
|---|---|
| Achega provincial 2023 | 507.996,14 € |
| Achega provincial 2022 | 434.103,77 € |
| Préstamo provincial 2023 | 10.583,25 € |

Vistas as bases reguladoras, proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

| | Deputación |
|---|---|
| Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 507.996,14 € |
| Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final) | 0,00 € |
| **Subtotal gasto corrente** | 507.996,14 € |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| **ACHEGA PROVINCIAL 2023** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible** (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| -- | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2023** | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |

| **ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Renovacion de la red municipal alumbrado con tecnología led y sistema telegestion en avda. Fonteculler | 287.500,45 € | 28.117,11 € | 0,00 € | 28.117,11 € | 315.617,56 € |
| Mellora da seguridade vial e renovacion do pavimento da rúa Irmáns Suárez Ferrín | 146.603,32 € | 14.337,59 € | 0,00 € | 14.337,59 € | 160.940,91 € |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2022** | **434.103,77 €** | **42.454,70 €** | **0,00 €** | **42.454,70 €** | **476.558,47 €** |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

| Entidade financeira | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda |
|---|---|
| -- | 0,00 € |
| **Subtotal redución de débeda con entidades financeiras** | 0,00 € |

C.I.F. P-1503100-H

**D) Resumo:**

| POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO | | Deputación | Concello | | | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Concello | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total concello | |
| A- GASTOS CORRENTES | Achega 2023 | 507.996,14 € | 0,00 € | | 0,00 € | 507.996,14 € |
| | Achega 2022 (Excep. Base 2.1) | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |
| B- | Achega 2023 | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **INVESTIMENTOS** | **Achega 2022** | 434.103,77 € | 42.454,70 € | 0,00 € | 42.454,70 € | 476.558,47 € |
| **C- REDUCIÓN DÉBEDA** | **Préstamo 2023** | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |
| **D- TOTAL** | **Achega 2023** | 507.996,14 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 507.996,14 € |
| | **Achega 2022** | 434.103,77 € | 42.454,70 € | 0,00 € | 42.454,70 € | 476.558,47 € |
| | **Préstamo 2023** | 0,00 € | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € |
| | **TOTAL** | **942.099,91 €** | **42.454,70 €** | **0,00 €** | **42.454,70 €** | **984.554,61 €** |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)** | **(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)** | **(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)** | **( C= A – B ) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)** |
|---|---|---|---|
| Mejora de la seguridad vial en Monte Alfeirán | 498.465,76 € | 0,00 € | 498.465,76 € |
| **TOTAIS** | 498.465,76 € | 0,00 € | 498.465,76 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

C.I.F. P-1503100-H


Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A Presidencia abre a quenda para o debate:

A continuación fai uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes que fai unha presentación da proposta.

